

NARRATIVA

Tirant

(César A. López Cisneros)

Polígono

(Xosé M. Mera Iglesias)

Os encarpuchados

(Anxo Conde)

Xa está

(Bernardo Alonso Álvarez)

Labirinto

(Virxilio Rodríguez Vázquez)

Os beizos de Xudas

(Mónica Paula Abal)

POESÍA

Dez poemas de amor verdadeiro

(Ángela Eva Rei)

Arco da vella

(Carlos Pérez Seara)

Nadosemdulho

(Paulo González Rodríguez)




UNIVERSIDADE
DE VIGO

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



ISBN 84-8302-199-4
9 788483 021996



Dirección Xeral de Política Lingüística

Premio subvencionado pola
Dirección Xeral de Política Lingüística.

Premio 1997
de relato e poesía
da Universidade de Vigo



XERAIS



Premio 1997 de relato e poesía da Universidade de Vigo



Deseño da cuberta: Miguel Vigo

© César A. López Cisneros, Xosé M. Mera Iglesias, Anxo Conde,
Bernardo Alonso Álvarez, Virxilio Rodríguez Vázquez,
Mónica Paula Abal, Ángela Eva Rei, Carlos Pérez Seara,
Paulo González Rodríguez, 1997

© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 1997

Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo

ISBN: 84-8302-199-4

Depósito legal: VG.978-1997

Impreso en Gráficas Numen

Velázquez Moreno, 16

36201 Vigo

Reservados todos los derechos.

*O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución,
plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte,
dunha obra literaria, artística ou científica,
ou a súa transformación, interpretación ou execución artística
fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio,
sen a preceptiva autorización.*



UNIVERSIDADE
DE VIGO

XERAIS



LIMIAR

A Universidade non soamente non pode ser allea ós eventos do seu contorno, senón que ten que potencialos e mesmo vivilos con entusiasmo. Non podemos esquecer que calquera universidade representa e engloba o sector máis vivo e creador de cada comunidade.

Tendo en conta estes presupostos, a Universidade de Vigo, que quere desenvolver toda a súa actividade nun marco de fidelidade á súa terra, sumouse un ano máis á celebración do día das Letras Galegas, 17 de maio de 1997.

Ademais dos actos tradicionais desta celebración convocou un concurso de Premios de Poesía e de Relato Curto, que tanto en calidade como en participación superaron as previsións máis optimistas.

Froito deste concurso son os traballos que agora publicamos en colaboración con Edicións Xerais de Galicia, que amosan a forza creadora e imaxinativa dos autores premiados, todos eles alumnos da Universidade de Vigo.

Como Rector da institución Universitaria, comprácame face-la presentación desta monografía que recolle


os traballos premiados, querendo así recoñecer a un tempo o seu valor e estimular a estes novos escritores para que continúen a súa creación literaria para a que, sen dúbida, están dotados.

Consideramos que esta actividade debe ter continuidade e este é o noso propósito e compromiso, pois queremos que o enorme potencial que ten a universidade aflore no mundo galego.

Vigo, 1997

José Antonio Rodríguez Vázquez
Rector da Universidade de Vigo

con parvadas das del, como facía sempre, que sempre foi igual, que eu ben o coñecía, pero coa muller do seu amigo, a quen se lle conta, e agora eu aquí pechado coma un can, que non, que eu non aturo, que se me vén o xenio afórcome e xa está, remato con todo, e ela foi cadela tamén, porque eu sempre me portei ben con ela, ¿que fixen?, ¿que lle fixen eu?, vale, está ben, de cando en cando lle zoscaba, ¿pero que?, se non o fas pérdenche o respecto, tódalas mulleres son iguais, que os pantalóns lévaos o home e agora coa modernidade diso non entenden, pero eu quería, e nunca lle faltou de nada, si, si, si, tamén algunha falcatruada lle fixen, pero quen non vai de putas de cando en cando, ¿está iso mal?, un home é un home por Deus, que eu son un traballador, que estiven toda a vida traballando, e agora por matar o fillo de puta ese aquí pechado, que non pode ser, que isto non é xustiza nin é nada, que eu aquí máto-me, afórcome e remata todo, morre o conto ¡impórtame un carallo!, dáme pena polo rapaz, el non merece isto, han falar del, a xente é toda igual, que se o pai un asasino, que se a nai unha cadela, ¡que o rapaz non merece nada disto, ¡ho!, e pénsoo polo rapaz, porque me amola pero eu aquí non aturo, afórcome, hostia en Deus, ¡xa!, eu afórcome que isto non é xeito de vida, aquí nesta merda de sitio, ¡por Deus!, un traballador, a quen se lle conta, ¡me cago en tal!, que me vén o xenio e afórcome, que me poño cabrón e agora xa non me para nin Deus, que remato con todo, que me aforco e rematan os problemas, dáme pena polo rapaz pero agora xa está, afórcome, que non paga a pena vivir así, que non, que non, morro e rematou o conto, e xa está, que me vén o xenio e non hai qué facer, morro e xa está.



LABIRINTO

Virxilio Rodríguez Vázquez

Mención Especial de Relato Curto

C1

—¿Cal acaba de pasar?

—Era o doce, paréceme.

—Gracias.

Terei que agardar vinte minutos ata o próximo autobús. O tempo, sempre o tempo. Os coches vermellos, azuis, con superioridade os de cor branca, rodan a modiño por diante dos alí presentes. O asfalto semella pegarse ós negros pneumáticos que por centos se distinguen ó lonxe entre unha cortina de fume e o carburante diluído na atmosfera polo sol. O ruído estridente dunha moto que serpentea entre os vehículos fai trocar de súpeto o meu ollar. Sígoa para finalmente perdela na curva que pecha a ancha avenida. Unha calor cada intre máis abafante négase rotundamente a perdoa-la vida das indefensas árbores que coa súa frondosidade aínda dan unha sombra calma ós nosos corpos. As últimas pingas do refresco esváense no meu interior, escorregando, evaporándose. Busco o apoio dunha parede. Respiro. Miro o reloxo. Un can revoltea na beirarrúa.

Está totalmente ateigado. A xente que se sitúa de pé abre con dificultade un pequeno carreiro por onde me desprazar.

Non distingo os sentados. Imaxino. Cheguei a unha barra libre onde me suxeito coa miña man dereita, xusto cando o autubús se pon en marcha. Balanceándome, ata acadar certo equilibrio e acha-la posición que levarei o resto da viaxe. Señores, señoras, un neno ó fondo, persoas mudas e mais eu.

C2

5 - 4 - 3 - 2 - 1... A porta ábrese. Silencio.

Unha muller nova duns trinta anos acompaña a un rapaciño loiro de ollos azuis que lambe unha pirula de feira, vermella, empalagosa e apegañenta. O señor que está rozando o meu ombreiro é alto, forte, cun rostro serio e mirada á fronte. Permanece calado, fumando un cigarro, desprende un cheiro forte e abafante. De súpeto prodúcese unha parada. O home colle un maletín de pel negro, cos pechos de seguridade dourados e vexo como os seus zapatos abrillantados con betume desaparecen na escuridade do relanzo da escaleira. Pecha a porta. Silencio. Busco a maior comodidade en tan reducido habitáculo, aproveitando o espacio baldeiro deixado polo veciño do terceiro. A rapaza xira a cabeza a un lado, logo ó outro. Aínda seguía alí a vella que collera o ascensor no piso anterior. Intentei sacar un tema, falar, dicir algo. Silencio.

Miraba o chan, as catro paredes daquel caixón móbil, uns botóns, unha campaña, un *stop* vermello, a luz plana do teito. Silencio.

6 - 7 - 8... Un ascensor, un edificio, números, persoas, vivendas, veciños, silencio, só silencio.

C3

A beirarrúa, corroída polo paso do tempo, dos transeúntes, marca agora o meu firme e seguro camiñar. Sen cor mostra un apagado, triste, urbano gris, separado en cadradiños uniformes cuxas fronteiras xa borrosas e desgastadas son pequenas arestas por onde a auga se despraza os días de choiva ata caer nunha canle común.

A beirarrúa é un cristal onde se reflicte a vida do mundanal ruído. O can marca nun recuncho o seu territorio, un papel de xornal deportivo sobe e baixa impulsado polo vento, a lata de cervexa sen alcol peta unha vez máis contra o andén, os chicles son famosos hóspedes inertes que lle dan vida.

A beirarrúa convértese nun lenzo para os pintores paisaxistas, en punto de encontro para xentes anónimas, en patio de escola. É fogar, lugar de traballo, cama e cadeira, silencio, son. Con papeleiras, árbores, bolsas de lixo, semáforos, farolas, sumidoiros, entradas, saídas... Persoas que se amontoan enriba dela. É vida, é morte, é... a beirarrúa.

C4

Luces, cores, centos de luminosos que adornan a rúa. Boutiques con modelos nas vidreiras, vestidos soñados por princesas, alfaias propias da realeza, alí preto, xusto ó meu carón, en fronte. Comercios con milleiros de formas, traxes, sombreiros, bastóns de madeira e un fungo londiniense. Tendas vaqueiras, cazadoras de coiro, zapatos de pel. Xente. Música disco, librerías con escaparates baleiros, con libros silenciados con libros silenciosos nas vitrinas. Alfombras máxicas chegadas da Persia, cerdeira para mobles de palacio, floristerías que encerran flores mortas. Grandes almacéns onde todo se confunde, mestura, perde. Xente. Insignias, panos, camisolas *heavy*, bandeiras, pós-

terés do Che vendidos en postos hippies. Pancartas millonarias, anuncios mesmo nas fiestras. Compra-venda. Entro abraiado... Vexo roupa, prezos, mesas, cadeiras, candelabros dourados, corredores, velas apagadas, ascensores, cristais, escaleiras, manteis, espellos, sabas, televisores, máquinas programadas, pneumáticos, reloxos de man, motos, papeis... Saio... Entro... Cousas.

Xente.

C5

Era a primeira vez que estaba alí. Xamais ata entón, agás nas películas, entrara naquel lugar. O letreiro exterior poñía: "Policía". Fume por tódolos recunchos, os homes de camisa branca e gravata camiñaban apresurados dun sitio a outro. Un deles levaba esposado un rapaz que non representaba máis alá dos dezaseis anos; cabelo negro ó punky, un pendente, camisola de Metálica, pantalóns pitillo e tenis brancos.

Dous mulatos estaban sentados nun dos bancos da sala. Agora vexo un home entrar, empurrado por dous polis, loitando violentamente, buscando a liberdade, a saída desexada.

—Sólteme.

Na máquina do café non había ninguén. Ó meu redor oía un monótono tictac continuo e incansable.

Diríxome á oficinista máis próxima.

—¿Podo falar co comisario?

—De fronte.

Pasei a carón do teléfono.

—¡Necesito un avogado!

Ó remate do corredor, unha porta cun marco de madeira e cristal opaco onde lin "Xefe de departamento", daba entrada a un despacho illado, solitario, unitario, pechado...

C6

A habitación é branca, pequena, coa cama, un baño e unha fiestra entreaberta que dá ó xardín. Ó me achegar, as paredes encaladas pínchanme cos seus gromos na pel. As cortinas grisallas, en consonancia co sintasol do chan, están corridas, deixando paso á luz natural.

Unha mesiña e un floreiro baldeiro. O armario encaixado coas portas abertas deixa ve-lo seu interior desafogado e libre. Sen roupa, unha percha solitaria, colgada na barra de madeira, balancéase. Na esquina permanece apoiada unha cadeira de rodas pregada e xunto a ela, un deses paos longos, prateados, con dous ganchiños na súa parte superior para o soro. A cama, con sabas brancas, silenciosa, triste, calada. Cheira a lixivia. Nos corredores non se oe ningún ruído. Habitación 303. Unha cama segue o seu curso, rodando camiño abaixo, esvarando polo baldosín recén pulido que mostra o seu brillo reluciente. Estou na habitación indicada pola recepcionista, pero alí non hai ninguén.

C7

Os pupitres estaban aliñados cada tres baldosas en ringleiras de oito horizontalmente. Cadeiras e mesas formaban un corpo unidas por brazos de ferro pintados de negro. As tapas de madeira abrillantadas reflectían coma charcos de auga da rúa a claridade que entraba polas fiestras da esquerda. As paredes baleiras, inertes, ían perdendo pouco a pouco a cor azulada que as cubría dende había xa dez anos. En fronte o maxestoso encerado verde permanecía reluciente. Angulada cara á esquerda erguíase, na parte máis alta de tarima, a vella, robusta e solitaria cátedra á espera de tempos mellores. Silencio. Todo seguía igual. O baldosín grisáceo, a porta co seu cristal central

pechada, os xices brancos, os borradores... triste, fría, calada. As palabras perdíanse naquel inmenso espazo abandonado. Ninguén. Estaba sentado.

Silencio.

C8

É un local pechado, totalmente pechado. Non posúe fiestras, nin patio de luces, nin sinxelos buracos de camarote por onde poida entrar un raio solitario, perdido, apagado do sol.

As portas metálicas abren ó anoitecer. Entro. Cores, luces, xentes e berros esmorecen na escuridade. A música comeza a soar. Entre empuxóns, corpos suorentos que se transparentan nas camisolas brancas, labazadas, sendeiros abertos por mans anónimas e inocentes, vasos con líquidos verdes e negros, azuis e vermellos paseando sobre as cacholas, sons, zapatos que non distingo, desprázome con dificultade. Entre unha barafunda de masas informes que se moven ó chou, intento acadar aquel famoso e codiciado letreiriño verde que se ilumina tenuemente para que non resalte, para que non asuste á clientela apostada na inmensa barra, situado nun recuncho, nin posto alí a propósito.

Ata chegar ó coñecido EXIT aínda quedan centos e centos de obstáculos por atravesar, coma se dunha selva se tratase.

Viscosos, duros, vellos, novos, vivos, medio mortos... que non recoñezo, que me producen medo e que aborrezco.

C9

Introdúcese na escuridade. Un son monótono chega ós meus oídos. Cadeiras agrupadas de catro en catro. A

fiestra da esquerda permanece aberta e unha señora le a revista da semana.

—Próxima estación...

(Estas palabras son pronunciadas cun ton radiofónico e artificial.)

O túnel é tétrico, angustioso, faise interminable. A velocidade vai diminuindo. De socato aparece un espazo con luz branca, reluciente. Letreiros, propaganda, sobre todo moda francesa, persoas paradas que quedan atrás, lonxe, moi lonxe. Unha cabina telefónica e un mapa das liñas. Ábrense as portas, a xente sae, entra. O señor de enfronte érguese e atopa entón unha cruz gammada vermella no seu asento. Murmuros. Un rapaz de traxe deportivo corre con tódalas súas forzas, intenta chegar ó metro. Suorento, esgotado, esforzándose ó máximo... As portas xa se pechan. Pouco a pouco colle pulo, as luces ó fondo, difundíndose trala curva. O metro segue adiante.

—Próxima estación...

C10

É noite pecha de inverno. Estou sentado xunto á fiestra no meu cuarto. Dende alí observo a cidade en silencio, agardando o intre de ir á cama. Vexo luces de tódalas cores. Unhas laranxas que sinalan o traxecto das grandes avenidas, outras brancas, focos iluminando prazas e estatuas.

A maioría dos edificios permanecen ás escuras. Ó fondo distínguese o hotel principal co seu panel vermello, tódalas cristaleiras e o elevador exterior. Oíu o son dos coches nas rúas, a música afastada das discotecas. No firmamento non hai estrelas, nin lúa, nin cometas. A cheminea da fábrica segue a funcionar, e no meu maxín xorde o fume dun barco de vapor a cruza-lo Mississippi. En fronte: o balcón sempre cheo de flores e árbores tropicais, as persianas baixadas no terceiro, a terraza e a súa antuca

Caribe, unha televisión na galería, sombras movéndose tralas paredes. Só, en silencio, ante a inmensidade cidadá.

C11

Paso rápido por diante do edificio. Inmensos muros de cemento e pedra con pintadas borrosas. Nunha delas leo: INSUBMISIÓN. Máis adiante dúas portas de ferro pechan a entrada. Os arames engaden un metro máis de altura. Focos, postos de vixilancia, canóns, rifles, persoas uniformadas con traxes de camuflaxe do exército de terra. Ó traveso dos enreixados non se ve ninguén. Fóra, próximos á rúa, uns xitanos agardan.

O coche detense. Abren a porta da dereita, un policía cólleme polo pescozo, baixándome coa outra man a cachola. As esposas fanme dano, sinto a suor fría das miñas mans. Recto. Camiño velozmente. A escasa claridade difumina as sombras no chan da galería e móvense perpendiculares ós nosos corpos. Silencio. A ámbolos lados só vexo celas, máis alá dos ferros... Facianas serias, caladas, mortas. Quero berrar, chorar, falar, soñar. Non podo. Déixome caer no colchón duro que forma a cama. Os recordos invaden a miña mente e non atopo resposta á pregunta de sempre, de cada día.

Durmo.

C12

Paredes que rezan un nome, que piden liberdades. Paredes que berran, choran, falan, sorrín, cantan, escriben. Paredes que ven un mundo, ensinan, relatan, contan. Os ladrillos vermellos xa non se distinguen, permanecen cu-

bertos por centos de firmas, insignias e cores diluídas por causa da chuvia. O muro de pedra emite mensaxes, reclama dereitos, lembra feitos esquecidos. As madeiras que cobren un local en obras posúen escritos de grupos anónimos coñecidos, debuxos artísticos, palabras inacabadas. Un edificio semiderruído, esquelético alberga pintadas que se confunden co cemento gris. A porta oculta sinais indecifrables, estrañas. Paredes públicas e privadas enriquecidas, destruídas, mortas, vivas.

Paredes, muros, ladrillos, pedras cunha mensaxe.
Paredes que falan.

C 13

Sons, cores difuminadas na atmosfera. Sinais. Anuncios. Cristaleiras. Rúas lastradas. Barrios. Escaleiras. Oio un ruído estridente. Luces en pleno día. Camiño entre a multitude. Golpéame cunha bolsa no brazo. Vexo centos de coches, letreiros luminosos de cafeterías, tendas, hoteis, supermercados... Un obreiro da construción suxeita un bocadillo nas súas mans cubertas de po. Xornais expostos ó público. Nenos pedindo cartos cunhas moedas na palma da man. Camións. Cruzo as rúas, avenidas, "Parking libre". O semáforo en verde. Músicos. Portas. Un reloxo electrónico marca hora e temperatura sucesivamente. Recto. Non podo chegar tarde. Nun escenario represéntase certa obra teatral antiga. As estatuas paradas. Cabinas telefónicas. Librerías pechadas. Clínica psiquiátrica. Viva a revolución. A quen dirixirse. Persoas. Estadios baleiros. Escolas. Pechado por vacacións.

Camiño só entre a xente.

C 14

Tempo. O balón comezou a rodar. O público berraba, animaba ós seus xogadores, cantaba... A nena da miña deiteira comía pipas sen parar, un rapaz mascaba chicle, o fume dun enorme puro, pitillos, lambetadas, todo era pouco para mata-la emoción. Os marcadores non funcionaban. A grada de en fronte estaba ateigada. Vía bandeiras, homes multicolores, valos publicitarios. Pola megafonía anunciaban o primeiro troco. Fondo sur botaba unha e outra vez. Un señor ergueuse. ¡Fóra! O ídolo da afección penetraba pola banda esquerda. Un recorte, logo o seguinte taconazo e ¡olé! Fantástico. Maxistral. Excepcional. O do transistor na orella anunciaba un resultado vital para as aspiracións do equipo. Murmuros. A xogada continuaba. Pase ó centro. Diagonal. Alguén: ¡Xa! O centrocampista demostra a súa visión de xogo e introduce con suavidade o esférico ó compañeiro que le perfectamente a xogada. ¡Que grande! ¡Boísimo! Diante, só o gardamallas. Milleiros de seareiros ruxindo. Prepara o disparo. Perna de apoio, o corpo lixeiramente de perfil. ¡Agora! Tira... A estirada do porteiro no derradeiro esforzo. As nosas miradas céntranse nun punto fixo. Silencio. Tempo.

Os focos pouco a pouco vanse apagando e o estadio queda escuro, cego, morto. A xente soa, volta cara as súas casas. Bancadas baleiras. Os paquetes de flocos de millo, as botelliñas de cervexa, papeis e xornais dormen perdidos no labirinto xigantesco de cemento. Os recordos esquécense nas mentes. Non vexo o céspede, nin o público, nin o ídolo. Non hai ninguén. Nada. O silencio éncheo todo. Mañá será outro día.

Regreso.

C 15

Camiño. Subo unha rúa empedrada de lastros con pequenas tendas ós lados. Unha grande avenida flanqueada por árbores, farois, comercios enormes, luces. A xente cruza polo paso de peóns en masa. Estatuas, cabalos de ferro, pedras. A calor é abafante. Ruídos. Un taxi berra co conductor dunha furgoneta. Autobuses ateigados. Beirarrúas, papeleiras, discotecas pechadas. Un todo para nada. As frechas marcan agora os teus pasos. O reloxo na fachada do hotel central determina o tempo. Parques rebordantes de flores, plantas, arbustos artificiais. Auga pechada en fontes. Terra morta. Paso próximo ó hospital, logo a comisaría, despois o concello... voume perdendo en círculos concéntricos. Sigo adiante, non penso, detrás dunha persoa, doutra e da seguinte. Letreiros. Libros. Lonxe fica un vello cantante e a súa guitarra, non oio a canción. Coches. O ceo permanece gris, sempre gris, imaxino que nalgún sitio será dun intenso, brillante e luminoso azul máxico. Os enreixados cortan o traxecto escollido. Edificios mortos. Estadios baleiros. Distancias insalvables. Paredes, muros infranqueables. Chorar e rir é o mesmo neste lugar. Rochas. Só no mundo. Asubíos. Silencio. Ninguén.

O berro voa no vento: ¡Ariadna!
S.O.S.

ÍNDICE XERAL

Limiar	5
NARRATIVA.....	7
<i>Tirant</i> [César A. López Cisneros]	9
<i>Polígono</i> [Xosé M. Mera Iglesias]	27
<i>Os encarapuchados</i> [Anxo Conde]	43
<i>Xa está</i> [Bernardo Alonso Álvarez]	55
<i>Labirinto</i> [Virxilio Rodríguez Vázquez]	65
<i>Os beizos de xudas</i> [Mónica Paula Abal]	79
POESÍA	93
<i>Dez poemas de amor verdadeiro</i> [Ángela Eva Rei]	95
<i>Arco da vella</i> [Carlos Pérez Seara]	107
<i>Nadosemdulho</i> [Paulo González Rodríguez]	117